| ANDREA LESTON BLANCO            | 7                                              | 6                                                                                   | 5                                                                                                        | 7                                                                                         | 3                                                              | 2                                                           | 20                                                   | 18                          | 12                                  | 20                          | 50    |

#### 5.- Investigación e curadoría cultural e artística.

| Solicitante                                | Calidade artística e cultural<br>Ata 25 puntos | Descrición teórica ou conceptual do proxecto, coa descrición clara<br>Ata 10 puntos | Inclusión dos obxectivos que se van acadar, redactados de xeito coherente cos conceptos<br>Ata 10 puntos | Produción e viabilidade práctica. Contribución na traxectoria do artista<br>Ata 25 puntos | Adecuación á programación da Cidade da Cultura<br>Ata 5 puntos | Presentación dun orzamento realista e ben definido<br>Ata 5 | Oportunidade para a traxectoria do artista<br>Ata 20 | SUMA AVALIACIÓN DO CONCEPTO | SUMA VIABILIDADE DA MATERIALIZACIÓN | SUMA OPORTUNIDADE ARTÍSTICA | TOTAL |
|--------------------------------------------|------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|-----------------------------|-------------------------------------|-----------------------------|-------|
| MANUELA PEREIRA ENRIQUEZ                   | 24                                             | 10                                                                                  | 8                                                                                                        | 22                                                                                        | 5                                                              | 5                                                           | 20                                                   | 42                          | 32                                  | 20                          | 94    |
| TANIA GONZALEZ MARTINEZ                    | 23                                             | 9                                                                                   | 8                                                                                                        | 24                                                                                        | 4                                                              | 5                                                           | 20                                                   | 40                          | 33                                  | 20                          | 93    |
| MIGUEL ANGEL DELGADO MOLINA                | 25                                             | 10                                                                                  | 10                                                                                                       | 25                                                                                        | 0                                                              | 5                                                           | 15                                                   | 45                          | 30                                  | 15                          | 90    |
| RAQUEL ALVAREZ MENDEZ                      | 23                                             | 8                                                                                   | 8                                                                                                        | 20                                                                                        | 3                                                              | 3                                                           | 20                                                   | 39                          | 26                                  | 20                          | 85    |
| LAURA MANEIRO PAZOS                        | 20                                             | 10                                                                                  | 8                                                                                                        | 23                                                                                        | 2                                                              | 4                                                           | 18                                                   | 38                          | 29                                  | 18                          | 85    |
| NOA RODRIGUEZ RODRIGUEZ                    | 20                                             | 8                                                                                   | 8                                                                                                        | 20                                                                                        | 4                                                              | 4                                                           | 20                                                   | 36                          | 28                                  | 20                          | 84    |
| DANIEL GUTIERREZ TOCA                      | 20                                             | 8                                                                                   | 8                                                                                                        | 20                                                                                        | 2                                                              | 5                                                           | 20                                                   | 36                          | 27                                  | 20                          | 83    |
| RUBEN CASTILLEJO ARGOTE                    | 20                                             | 9                                                                                   | 9                                                                                                        | 20                                                                                        | 3                                                              | 4                                                           | 18                                                   | 38                          | 27                                  | 18                          | 83    |
| SILVIA CAMBON TORRE                        | 12                                             | 6                                                                                   | 7                                                                                                        | 18                                                                                        | 2                                                              | 2                                                           | 15                                                   | 25                          | 22                                  | 15                          | 62    |
| IAGO EIREOS FRANCO                         | 12                                             | 5                                                                                   | 7                                                                                                        | 20                                                                                        | 2                                                              | 4                                                           | 10                                                   | 24                          | 26                                  | 10                          | 60    |
| PATRICIA FERNANDEZ NAVARRO MARTINEZ-FALERO | 20                                             | 5                                                                                   | 5                                                                                                        | 15                                                                                        | 4                                                              | 3                                                           | 8                                                    | 30                          | 22                                  | 8                           | 60    |



## 6.- Proxectos artísticos innovadores que utilicen medios dixitais e tecnolóxicos.

| Solicitante                 | Calidade artística e cultural<br>Ata 25 puntos | Descrición teórica ou conceptual do proxecto, coa descrición clara<br>Ata 10 puntos | Inclusión dos obxectivos que se van acadar, redactados de xeito coherente cos conceptos<br>Ata 10 puntos | Produción e viabilidade práctica. Contribución na traxectoria do artista<br>Ata 25 puntos | Adecuación á programación da Cidade da Cultura<br>Ata 5 puntos | Presentación dun orzamento realista e ben definido<br>Ata 5 | Oportunidade para a traxectoria do artista<br>Ata 20 | SUMA AVALIACIÓN DO CONCEPTO | SUMA VIABILIDADE DA MATERIALIZACIÓN | SUMA OPORTUNIDADE ARTÍSTICA | TOTAL |
|-----------------------------|------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|-----------------------------|-------------------------------------|-----------------------------|-------|
| JUDITH CERQUEIRO ALVARIÑA   | 25                                             | 10                                                                                  | 10                                                                                                       | 25                                                                                        | 5                                                              | 5                                                           | 15                                                   | 45                          | 35                                  | 15                          | 95    |
| BREOGAN TORRES GUTIERREZ    | 24                                             | 10                                                                                  | 9                                                                                                        | 24                                                                                        | 5                                                              | 4                                                           | 14                                                   | 43                          | 33                                  | 14                          | 90    |
| PAULA PIN LAGE              | 25                                             | 7                                                                                   | 10                                                                                                       | 23                                                                                        | 5                                                              | 5                                                           | 10                                                   | 42                          | 33                                  | 10                          | 85    |
| ALBA AMOEDO CAL             | 22                                             | 7                                                                                   | 9                                                                                                        | 20                                                                                        | 5                                                              | 4                                                           | 17                                                   | 38                          | 29                                  | 17                          | 84    |
| OSWALDO GARCIA CRESPO       | 21                                             | 8                                                                                   | 9                                                                                                        | 21                                                                                        | 5                                                              | 4                                                           | 15                                                   | 38                          | 30                                  | 15                          | 83    |
| ALBA MARIA SUEIRO BARRAGANS | 20                                             | 8                                                                                   | 8                                                                                                        | 19                                                                                        | 5                                                              | 4                                                           | 14                                                   | 36                          | 28                                  | 14                          | 78    |
| ABRAHAM ALONSO MENDEZ       | 18                                             | 8                                                                                   | 20                                                                                                       | 9                                                                                         | 5                                                              | 4                                                           | 14                                                   | 46                          | 18                                  | 14                          | 78    |
| PILAR CENERI BOIERO         | 18                                             | 8                                                                                   | 7                                                                                                        | 20                                                                                        | 5                                                              | 4                                                           | 13                                                   | 33                          | 29                                  | 13                          | 75    |
| XAIRO CAMPOS BLANCO         | 17                                             | 7                                                                                   | 7                                                                                                        | 18                                                                                        | 4                                                              | 2                                                           | 13                                                   | 31                          | 24                                  | 13                          | 68    |
| XOANA SANTOS ALVAREZ        | 17                                             | 7                                                                                   | 6                                                                                                        | 17                                                                                        | 4                                                              | 2                                                           | 12                                                   | 30                          | 23                                  | 12                          | 65    |
| DIEGO LARANXEIRA BARREIRO   | 15                                             | 6                                                                                   | 6                                                                                                        | 17                                                                                        | 4                                                              | 2                                                           | 10                                                   | 27                          | 23                                  | 10                          | 60    |
| GONZALO IGLESIAS VILACHAN   | 15                                             | 6                                                                                   | 6                                                                                                        | 16                                                                                        | 4                                                              | 2                                                           | 10                                                   | 27                          | 22                                  | 10                          | 59    |
| ALBERTO SANCHEZ LOZANO      | 16                                             | 7                                                                                   | 7                                                                                                        | 13                                                                                        | 3                                                              | 2                                                           | 8                                                    | 30                          | 18                                  | 8                           | 56    |

Trala deliberación do xurado, unha vez realizada a correspondente motivación das puntuacións por cada proxecto, selecciónanse os seis proxectos para a concesión das bolsas atendendo ás máximas puntuacións en cada categoría, facendo constar en acta as explicacións das puntuacións dos proxectos gañadores segundo os criterios de valoración:

### ARTES VISUAIS

#### ARQUITECTURA EN LUGARES INSOSPEITADOS Presentado por Alejandro Ventura Pérez Suárez

**PUTUACIÓN TOTAL: 100 PUNTOS**



**Xustificación:**

A) Avaliación do concepto/idea artística acadou os 45 puntos.

En canto a calidade artística e cultural, a idea é orixinal e pertinente, aborda cuestións de interese e plena actualidade relacionadas coa construción do espazo habitable, do corpo e da identidade.

Dende unha perspectiva crítica e poética convida a reflexionar sobre a actual crise estrutural, incidindo na precariedade que impide o acceso á vivenda e que achega, especialmente ás novas xeracións, a unha situación de nomadismo e a precariedade.

En canto a descrición teórica ou conceptual do proxecto, a descrición do proxecto é clara, precisa e conceptualmente sólida. A argumentación susténtase en referentes teóricos e artísticos de autoridade no pensamento contemporáneo, como Sloterdijk e Rudofsky, cuxas achegas permiten abordar as tensións entre suxeito/corpo e territorio/arquitectura

Resulta de interese a referencia ao concepto de «lastre cero», vencellado ás dinámicas do mundo laboral contemporáneo, xa que contribúe a ampliar a reflexión sobre a mobilidade, o desarraigamento e a precariedade.

O carácter inédito do proxecto, unido ao feito de que se apoie en investigacións previas, reforza a súa solidez e coherencia.

No referente á inclusión dos obxectivos que se van acadar, están formulados con claridade, son coherentes e xustifican a pertinencia do proxecto. Ademais resultan realistas e abordables tendo en conta os tempos e os recursos que ofrece a axuda.

B) Viabilidade da súa materialización, acada un total de 35 puntos.

Atendendo aos criterios de produción e viabilidade práctica destes, así como contribución no eido do encadramento do proxecto e na traxectoria do artista ou colectivo, A metodoloxía de traballo proposta é viable para o seu desenvolvemento tendo en conta as necesidades espaciais e de produción.

Achega un interese engadido o feito de formular un resultado "situado", orientado a establecer un diálogo coa arquitectura da Cidade da Cultura, coa interacción do público visitante e coa convivencia cos compañeiros e compañeiras que comparten a residencia.



En termos de adecuación dos proxectos á programación cultural da Cidade da Cultura de Galicia, o proxecto encaixa na programación desenvolvida na Cidade da Cultura de Galicia no marco das artes visuais.

O orzamento está detallado e desagregado con claridade tendo en conta as diferentes fases do proxecto.

Os gastos previstos están debidamente xustificadas en relación as necesidades de produción e amosan un aproveitamento axeitado dos recursos económicos que ofrece a axuda.

C) A oportunidade artística, puntuase cun total de 20 puntos.

En canto á oportunidade artística para a traxectoria do/da artista ou colectivo presentado, o proxecto constitúe unha oportunidade para a consolidación e o impulso da traxectoria profesional do solicitante. Á vista do seu currículo, trátase dun artista emerxente cunha experiencia e uns méritos que acreditan a súa capacidade para desenvolver proxectos de investigación e creación no ámbito da arte contemporánea. A coherencia do seu percorrido, o interese das liñas de traballo abordadas e a experiencia previa permiten prever un aproveitamento rigoroso e produtivo da axuda.

O número aínda reducido de exposicións individuais evidencia que a súa carreira se atopa nunha fase de crecemento e consolidación. Neste sentido, a concesión da axuda podería contribuír a ampliar a visibilidade do seu traballo e facilitar a oportunidade de produción, exhibición e inserción no contexto profesional.

En definitiva, considérase que a axuda pode ter un impacto significativo na proxección e no desenvolvemento da súa carreira.

## **ARTES ESCÉNICAS.**

### **LEVITARE**

**Presentado por Suevia Rojo Moure**

**PUNTUACIÓN TOTAL: 97 PUNTOS**



**Xustificación:**

A) Avaliación do concepto/idea artística acadou os 44 puntos.

En canto a descrición teórica ou conceptual do proxecto, a proposta presenta unha elevada calidade artística e cultural, cunha formulación sólida, orixinal e plenamente coherente co concepto das Residencias REGA. O seu carácter interdisciplinar, o risco creativo e a ausencia dun resultado final pechado reforzan a súa natureza experimental e investigadora. Ademais, a proposta está ben dimensionada e secuenciada, conta cun equipo solvente e ofrece a oportunidade de reintegrar no ecosistema cultural galego unha artista de orixe compostelá formada e asentada en Portugal.

Na descrición teórica ou conceptual do proxecto, involucra distintas disciplinas no proceso de investigación partindo do corpus literario da autora Luisa Villalta que obra na Biblioteca de Galica, feito que ancora o proxecto desde o inicio na propia Cidade da Cultura, ao que suma o acceso aos fondos custodiados pola familia da autora.

En relación a inclusión dos obxectivos que se van acadar, os obxectivos establecidos están expostos de maneira precisa e cunha coherencia sólida respecto dos contidos e directrices que articulan o proxecto.

B) Viabilidade da súa materialización acada 35 puntos.

Atendendo aos criterios de produción e viabilidade, conceptúa o proceso de investigación na tradución do universo da autora á linguaxe do movemento en diálogo coa composición musical *ad hoc* por parte dun autor recoñecido no mundo da música antiga. Por suposto, non é unha proposta carente de risco, pero ese risco é o que lle confire o maior atractivo e a maior adecuación a unha residencia onde a experimentación e o éxito ou fracaso forman parte inherente á propia razón ser dunha residencia. Non ata (define) o final, feito que nos pode dar a medida dunha investigación real en código aberto cun final por determinar ao que os leve o percurso da propia investigación.

A adecuación dos proxectos á programación cultural da Cidade da Cultura de Galicia, dentro da acción de presentación involucra varios espazos do territorio da Cidade da Cultura. O proxecto é totalmente coherente coa definición dunha residencia e está perfectamente dimensionado, secuenciado e formulado, isto desencadena nunha proposta realista e viable.



No punto dun orzamento realista, valórase que o orzamento está correcto e que non está mal dimensionado.

C) A oportunidade artística, leva un total de 18 puntos.

En canto á oportunidade artística para a traxectoria do/da artista ou colectivo presentado, canto ao conecto da oportunidade este proxecto permítenos reapropiarnos dunha artista que, sendo aínda moi nova e emerxente, migrou ao país veciño para poder formarse na disciplina de danza e artes do movemento regulada, cousa que non había en Galicia, por iso vemos pertinente a oportunidade de reintegrar no noso ecosistema de talento galego a esta artista de orixe compostelana pero de arraigo e formación portuguesa.

## **ARTES MUSICAIS.**

### **ESTUDIO PARA CONTRABAIXO EXPANDIDO EN MI MENOR**

**Presentado por David Santos Dominguez**

**PUNTUACIÓN TOTAL: 96 PUNTOS**

#### **Xustificación:**

A) Avaliación do concepto/idea artística puntuase con 42 puntos.

En canto a descrición teórica ou conceptual do proxecto, valórase un proxecto moi convincente que vincula investigación tecnolóxica cunha proposta artística estimulante.

Na descrición teórica ou conceptual do proxecto, esta é clara e precisa. A elaboración na argumentación estética do proxecto está ben fundamentada.



En relación a inclusión dos obxectivos que se van acadar, os obxectivos están marcados de forma clara. Defínense os obxectivo nos iedos tanto tecnolóxicos como estéticos.

B) Viabilidade da súa materialización acada 34 puntos.

Atendendo aos criterios de produción e viabilidade, a explicación técnica dos procesos previstos, así como a traxectoria do solicitante respaldan a viabilidade do proxecto. A equipa artística é moi sólida.

A adecuación dos proxectos á programación cultural da Cidade da Cultura de Galicia, o uso de medios técnicos e dixitais no proxecto, tanto como proceso de investigación como medio de expresión artística, fai especialmente pertinente o proxecto para a Cidade da Cultura.

No punto dun orzamento realista, apreciase que o orzamento é realista e adaptado ao proxecto. Falta precisar máis os honorarios de Area Erina.

C) A oportunidade artística, leva un total de 20 puntos.

En canto á oportunidade artística para a traxectoria do/da artista ou colectivo presentado, a traxectoria investigadora e artística xa está consolidada, pero aporta un novo xiro investigador e uso da tecnoloxía no seu proxecto musical, todo isto fai que este proxecto concreto contribuíse fortemente á difusión do seu traballo.



**DESEÑO****VIRAVENTO PLUVIAL****Presentado por Carlos Fernández López****PUNTUACIÓN TOTAL: 91 PUNTOS****Xustificación:**

A) Avaliación do concepto/idea artística acadou os 45 puntos.

En canto a descrición teórica ou conceptual do proxecto, este plantexa a creación dunha peza de deseño, xa que tendo a parte plástica e creativa solicitada trátase dun obxecto que pode cumprir un uso concreto.

É un plantexamento moi orixinal e pertinente respecto da traxectoria e intereses de investigación plástica do aspirante.

Na descrición teórica ou conceptual do proxecto, é moi clara, así coma as referencias aportadas. A proposta enténdese dun xeito moi claro.

En relación a inclusión dos obxectivos que se van acadar, están moi ben definidos e amosa calidade e coherencia coa traxectoria e o traballo desenvolvido polo aspirante.

B) Viabilidade da súa materialización acada 29 puntos.

Atendendo aos criterios de produción e viabilidade, o resultado práctico é moi concreto e ten viabilidade.

A adecuación dos proxectos á programación cultural da Cidade da Cultura de Galicia, a peza encaixa coa programación da CdC xa que podería incluso valorarse a instalación da mesma no exterior da CdC.

No punto dun orzamento realista, o orzamento está bastante ben definido e ten presentes todas as fases do proxecto.

C) A oportunidade artística, leva un total de 17 puntos.

En canto á oportunidade artística para a traxectoria do/da artista ou colectivo presentado, o aspirante xa ten participado en outros certames e realizado varias mostras expositivas.



**INVESTIGACIÓN E CURADORÍA CULTURAL E ARTÍSTICA.****TERREMOTO. FACERES CONTEMPORÁNEOS EN MOVIMENTO****Presentado por Manuela Pereira Enriquez****PUNTUACIÓN TOTAL: 94 PUNTOS****Xustificación:**

A) Avaliación do concepto/idea artística acadou os 42 puntos.

En canto a descrición teórica ou conceptual do proxecto, a proposta é orixinal e pertinente, que aborda unha necesidade detectada no contexto da arte contemporánea galega mediante un formato innovador de investigación e creación audiovisual. Destaca pola súa capacidade para xerar novos espazos de reflexión, visibilidade e difusión da creación artística, espazos escasos neste ecosistema artístico. Valórase especialmente a incidencia na reflexión, documentación e difusión dos procesos creativos da arte contemporánea.

Na descrición teórica ou conceptual do proxecto, a memoria presenta unha fundamentación conceptual sólida, coherente e ben argumentada, definindo con claridade os principios metodolóxicos e os eixes temáticos que a articulan. Sitúa a conversa como espazo de pensamento e construción colectiva de coñecemento. Incorpora referencias procedentes da experiencia investigadora e curatorial da autora, así como unha análise fundamentada da situación actual da arte contemporánea en Galicia, o que contribúe a contextualizar a proposta e xustificar a súa necesidade. A estrutura metodolóxica aparece descrita con precisión, permitindo comprender tanto o funcionamento do formato audiovisual como os seus obxectivos culturais e de investigación.

En relación a inclusión dos obxectivos que se van acadar, os obxectivos están formulados de maneira coherente coa proposta conceptual de *Terremoto*. Defínese un obxectivo xeral centrado na documentación e visibilización das prácticas artísticas galegas mediante un espazo de diálogo, acompañado de obxectivos específicos sobre creación de redes, documentación de procesos, incorporación de novos públicos, visibilización do ecosistema cultural, reflexión sobre as condicións materiais da creación e construción dun arquivo audiovisual. A relación entre obxectivos, metodoloxía e resultados é directa,



configurando unha proposta verificable e orientada á produción e difusión de coñecemento sobre a creación contemporánea galega.

B) Viabilidade da súa materialización acada 32 puntos.

Atendendo aos criterios de produción e viabilidade, o proxecto constitúe unha evolución natural das investigacións e da práctica de escritura sobre arte contemporánea da investigadora, ampliando ese traballo cara a un formato audiovisual de maior alcance. A metodoloxía proposta, baseada no mapeo do ecosistema artístico, na creación de parellas de diálogo e na documentación dos procesos creativos, reforza o valor investigador da iniciativa e contribúe significativamente á xeración de coñecemento, á creación de arquivo e ao fortalecemento do ecosistema cultural galego. A adecuación dos proxectos á programación cultural da Cidade da Cultura de Galicia, unha das principais liñas estratéxicas da Fundación Cidade da Cultura nestes últimos anos está sendo a de apoio á creación artística especialmente a través do fomento de proxectos de novos valores. Esta residencia concíbese como un espazo de experimentación, produción e activación de novos públicos, reforzando a función da Cidade da Cultura como centro de creación, reflexión e innovación cultural. A proposta incorpora igualmente unha clara vocación divulgativa e de arquivo, aspectos que contribúen ao interese público e á proxección futura dos resultados obtidos, e entronca con novas liñas de interese que xorden directamente como liñas naturais secundarias dese fomento da creación.

No punto dun orzamento realista, o proxecto incorpora un orzamento equilibrado e acorde coa dimensión da proposta e coa contía da convocatoria. A distribución económica identifica con claridade as distintas necesidades — investigación, coordinación, produción audiovisual, montaxe, desprazamentos e honorarios das persoas participantes—, permitindo comprobar a adecuación dos recursos previstos ás necesidades reais da execución.

C) A oportunidade artística, leva un total de 20 puntos.

En canto á oportunidade artística para a traxectoria do/da artista ou colectivo presentado, a proposta representa un paso natural na evolución da práctica da autora, permitindo trasladar ao ámbito audiovisual unha liña de investigación iniciada a través das súas críticas e dos seus escritos sobre arte contemporánea galega. Esta residencia facilitaría a consolidación dun formato propio con potencial de continuidade e proxección, reforzando a súa posición dentro do panorama artístico galego e contribuindo á creación de novas ferramentas de mediación e difusión da arte contemporánea. A documentación achegada acredita unha traxectoria sólida e en clara progresión, que encaixa



plenamente co obxectivo da convocatoria de apoiar creadoras novas con capacidade de desenvolvemento profesional e impacto futuro no sector cultural.

## **PROXECTOS ARTÍSTICOS INNOVADORES QUE UTILICEN MEDIOS DIXITAIS E TECNOLÓXICOS**

### **IN VITRO – EX VIVO**

**Presentado por Judith Cerqueiro Alvariña**

**PUNTUACIÓN TOTAL: 95 PUNTOS**

### **Xustificación**

A) Avaliación do concepto/idea artística acadou os 45 puntos.

En canto a descrición teórica ou conceptual do proxecto, destaca gran solidez conceptual que aborda debates plenamente contemporáneo ao redor das humanidades sintéticas, a non maternidade e as relacións entre corpo e tecnoloxía. Destaca pola orixinalidade coa que incorpora a ciencia ficción especulativa a as súas visualidades contemporáneas, situando ademais a experiencia persoal como punto de partida para unha investigación de maior alcance. A experimentación con videoinstalación, materiais sintéticos e sistemas tecnolóxicos, incluíndo ferramentas de intelixencia artificial, está plenamente integrada no discurso do proxecto.

Na descrición teórica ou conceptual do proxecto, a proposta está desenvolvida con gran claridade e presenta unha argumentación teórica moi sólida, froito dunha investigación prolongada. Integra de forma coherente ámbitos coo a ciencia ficción especulativa, o bioarte, a corporalidade e as tecnoloxías sintéticas. A inclusión de prototipos, referencias artísticas e traballos previos facilita a comprensión do proceso e do resultado esperado para o desenvolvemento da convocatoria.

En relación a inclusión dos obxectivos que se van acadar, están formulados de maneira clara, concreta e son plenamente coherentes coa formulación conceptual. Oriéntanse tanto a resultados materiais como á produción de coñecemento, manteñen unha relación directa coas metodoloxías.



B) Viabilidade da súa materialización acada 35 puntos.

Atendendo aos criterios de produción e viabilidade, o proxecto presenta un resultado final claramente definido e apoiado por un prototipado previo que permite visualizar a proposta. A planificación está organizada por fases e semanas de traballo, cunha metodoloxía realista e ben estruturada que garante a viabilidade de execución.

A adecuación dos proxectos á programación cultural da Cidade da Cultura de Galicia, a proposta adáptase plenamente ás liñas de programación da Cidade da Cultura, especialmente polo seu cruzamento entre arte, tecnoloxía e divulgación científica, así como polo interese das cuestións sociais e culturais que aborda.

No punto dun orzamento realista, este está ben desagregado, resulta coherente coas diferentes fases do traballo e reflexa de forma realista as necesidades de produción do proxecto.

C) A oportunidade artística, leva un total de 15 puntos.

En canto á oportunidade artística para a traxectoria do/da artista ou colectivo presentado, a artista, a pesar de atoparse aínda nunha etapa emerxente, conta cunha traxectoria moi sólida e coherente ao redor da investigación sobre as relacións entre tecnoloxías, corpos e vidas humana e non humanas. A residencia supoñería unha oportunidade para ampliar a escala de produción do seu traballo e consolidar unha liña de investigación cun elevado potencial de desenvolvemento.



Tendo en conta todo o anterior, e non existindo máis temas a tratar, acórdase propoñer para as bolsas REGA 2026 os seguintes participantes:

**ARTES VISUAIS:      Alejandro Ventura Pérez Suárez**

**ARTES ESCÉNICAS:   Suevia Rojo Moure**

**ARTES MUSICAIS:    David Santos Dominguez**

**DESEÑO:              Carlos Fernández López**

**INVESTIGACIÓN E CURADORÍA CULTURAL E ARTÍSTICA:    Manuela Pereira  
Enriquez**

**PROXECTOS ARTÍSTICOS INNOVADORES QUE UTILICEN MEDIOS DIXITAIS E  
TECNOLÓXICOS:      Judith Cerqueiro Alvariña**

Remata a reunión sendo ás 14.10 horas do 9 de xullo de 2026

A Presidenta,

A Secretaria,

Verónica Santos Farto

Sandra Mouronte Ferreirúa

